



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

SERVIZO DE RECURSOS HUMANOS

Anuncio

PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA DE DATA 24 DE XULLO DE 2020 POLA QUE SE APROBA A LISTA PROVISIONAL DE ADMITIDOS/AS DO PROCESO PARA A SELECCIÓN DE 1 TÉCNICO/A DE ADMINISTRACIÓN XERAL - AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL, ESCALA ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA TÉCNICA, TÉCNICOS SUPERIORES, GRUPO A - SUBGRUPO A1, DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, QUENDA LIBRE, CORRESPONDENTE Á OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2017 DENTRO DO PLAN DE CONSOLIDACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL (BOP 039, DO 15.02.2019 E BOP 040, DO 16.02.2019)

"Tras ver a proposta da deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, a teor do seguinte texto:

"Por Acordo da Xunta de Goberno do 08.02.2019, apróbase a convocatoria e as bases específicas que rexerán o proceso para a selección de 1 TÉCNICO DE ADMINISTRACIÓN XERAL- AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL, Escala de Administración Xeral, Subescala Técnica, Técnicos Superiores, grupo A - subgrupo A1, do cadro de persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo, polo sistema de concurso - oposición, quenda libre, correspondente á Oferta de Emprego Pública do ano 2017 dentro do plan de consolidación de emprego temporal (BOP núm. 039, do 15.02.2019 e BOP núm. 040, de 16.02.2019)

Rematado o prazo de presentación de instancias, segundo o establecido nas Bases Xerais 8 e 9, que rexen o presente proceso selectivo (BOP núm. 241, do 20.10.2017), proponse á Presidencia en uso das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, que RESOLVA:

1º.- Aprobar a seguinte listaxe provisional de admitidos/as ao proceso selectivo:

A.- ADMITIDOS/AS:

NÚMERO	APELIDOS E NOME
1	GÓMEZ CARBALLAL, DIEGO
2	LAGE FERNÁNDEZ, MARÍA DEL CARMEN
3	VÁZQUEZ FARIÑAS, MARÍA ARGENTINA

2º.- Nomear os/as membros do Tribunal cualificador que a continuación se sinala, podendo actuar indistintamente titulares e suplentes:

PRESIDENTE:

Titular: Don Manuel García Mel, xefe do Servizo de RRHH e Asistencia aos Concellos da Deputación de Lugo.

Suplente: Don José Ramón Gallego Fernández, psicólogo na Sección de Selección, Promoción e Carreira da Deputación de Lugo.

VOGAIS:

Titular: Xesus Arrizado Yáñez, técnico asesor de RRHH, adxunto xefe do Servizo de RRHH e Asistencia aos Concellos da Deputación de Lugo.

Suplente: Don Benedicto José Quijada Morandeira, xefe da Sección de Formación da Deputación de Lugo.

Titular: Don José Ferreiro Fernández, tesoureiro da Deputación de Lugo.

Suplente: Don Emilio Justo Fernández Pita, xefe do Servizo de Xestión, Recadación e Inspección Tributaria da Deputación de Lugo.

Titular: Don José Domingo Rodríguez Ferreira, asesor técnico no Servizo de Contratación e Fomento da Deputación de Lugo.

Suplente: Dona Margarita Tarrío Álvarez, xefa da Sección de Contratación da Deputación de Lugo.

SECRETARIA/O:

Titular: Dona María Esther Álvarez Martínez, secretaria xeral da Deputación de Lugo.

Suplente: Don Manuel Castiñeira Castiñeira, secretario - interventor, xefe do Servizo de Asistencia Xurídica, Técnica e Económica aos Concellos da Deputación de Lugo.

3º.- Citar aos membros do Tribunal para que comparezan o MARTES día 15 de SETEMBRO de 2020 ás 9:30 horas na Sala de Reunións do Servizo de RRHH da Deputación de Lugo, para a súa Constitución.

4º.- Citar aos membros do Tribunal e máis aos aspirantes para que comparezan o MARTES día 22 de SETEMBRO de 2020 ás 9:30 horas, no Salón de Plenos da Deputación de Lugo, para a realización do primeiro exercicio da oposición.

5º.- Publicar a presente resolución no Taboleiro de Edictos, na páxina web desta Entidade e no Boletín Oficial da Provincia (BOP).

A subsanación de erros e alegacións á listaxe provisional, poderá realizarse no prazo de dez días contados dende o día seguinte á publicación desta resolución no BOP.

De non presentarse ningunha alegación á listaxe provisional, esta entenderase definitiva sen necesidade de nova publicación.

Contra a listaxe definitiva poderase interpoñer con carácter potestativo, recurso de reposición, diante do Presidente no prazo dun mes contado a partir do día seguinte o da publicación desta resolución no BOP ou ben recurso contencioso - administrativo diante do Xulgado Contencioso - Administrativo de Lugo no prazo de dous meses contados dende o día seguinte da citada publicación sen prexuízo de que se interpoña calquera outra que se estime oportuno.

Cando as impugnacións teñan por causa a composición do Tribunal, rexeranse polo establecido nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015 de 1 de outubro do Réxime Xurídico do Sector Público.

Non obstante, os interesados poderán presentar as alegacións que estimen convenientes para a súa consideración na resolución que poña fin ao procedemento conforme ao artigo 112.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas."

Polo anteriormente exposto e, en uso das facultades que lle confire a esta Presidencia o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, RESOLVO:

Prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita en todas as súas partes".

Pazo Provincial, 27 de xullo de 2020. A secretaria xeral, María Esther Álvarez Martínez.

R. 1661

CONCELLOS

CERVANTES

Anuncio

Información pública

Aprobados por Resolución de alcaldía de data 24 de xullo de 2020, os padróns que a continuación se relacionan, expóñense ao público polo prazo de quince días hábiles contados dende o seguinte ao da publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo:

- Taxa polo servizo de recollida domiciliaria do lixo (2º trimestre de 2020).
- Taxa polo servizo de subministro domiciliar de auga potable e canon da auga (2º trimestre de 2020).

Recursos: Contra o acordo da aprobación dos padróns poderase interpor recurso de reposición.

Prazo de presentación do recurso: un mes contado dende o día inmediato seguinte ao do término do período de exposición ao público dos padróns.

Órgano ante o que se recorre: Alcalde do concello de Cervantes.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formulen poderán interporse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei reguladora da referida xurisdición.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) no prazo dun mes desde que se entenda producida a notificación mediante o padrón.

ANUNCIO DE COBRANZA

Para o cobro dos mesmos, os recibos seranlles cargados nas contas bancarias respectivas, e fíxase como período de cobro voluntario o prazo de dous meses, contados a partir do período de exposición pública. Finalizado o exercicio pasarase o seu cobro pola vía de constrinximento, cos recargas previstas no artigo 28 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Facenda Pública, Lei Xeral Tributaria, a través do Servizo Provincial de Recadación da Excm. Deputación Provincial de Lugo.

A falta de pagamento do canon de auga no período voluntario suporá a esixencia directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ó público do padrón e anuncio de cobranza, ten o carácter de notificación colectiva, ó amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Cervantes, 24 de xullo de 2020.- O alcalde, Benigno Gómez Tadín.

R. 1666

COSPEITO

Anuncio

ANUNCIO DE EXPOSICIÓN AO PÚBLICO DA APROBACIÓN DO PADRÓN DE CONTRIBUÍNTES POLAS TAXAS DE PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE ABASTECIMENTO DE AUGA, SUMIDOIROS, RECOLLIDA DOMICILIARIA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS E CANON AUTONÓMICO DE AUGA CORRESPONDENTE AO PRIMER TRIMESTRE DE 2020.

En cumprimento do establecido no artigo 62.3. da Lei 58/2003, do 17 de novembro, Xeral Tributaria, o Alcalde - Presidente mediante Resolución do 19/11/19 adoptou acordo polo que se aproba o Padrón de contribuíntes das Taxas pola prestación dos servizos de abastecemento de auga, sumidoiros, recollida domiciliaria de residuos sólidos urbanos, e canon autonómico de auga correspondentes ao Primeiro trimestre de 2020 e cuxo contido literal da parte dispositiva que recolle dito acordo é o seguinte:

"PRIMEIRO. Aprobar o Padrón de contribuíntes polos conceptos de Taxa polo servizo de abastecemento de auga, sumidoiros e recollida domiciliaria de lixo e canon autonómico de auga cunha cota total de 56.809,43€ (IVE incluído) correspondente ao 1º trimestre de 2020 e polos seguintes importes desagregados por conceptos tributarios:

Período	Auga	Lixo	Sumidoiros	Canon de auga	IVE	TOTAL
1º T 2020	22.343,17	22.189,79	427,83	9.610,42	2.238,22	56.809,43

SEGUNDO. Reiterar a publicación do período de cobro en voluntaria reflectido no calendario fiscal do ano 2020 modificado por resolución de alcaldía de data 03.07.2020:

Padrón	Período voluntario de cobro
1º Trimestre 2020	Do 03/08/2020 ao 01/10/2020

TERCEIRO. Disponer a apertura dos períodos voluntarios de pago dos referidos padróns e nos períodos indicados no punto anterior, para a xestión recadatoria dos padróns correspondentes, dando exposición pública ao acordo mediante anuncio a inxerir no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no taboleiro de anuncios da Casa Consistorial do Concello de Cospeito.

CUARTO. Dar conta da presente resolución a Tesourería e Intervención Municipal e ó Pleno da Corporación na primeira sesión ordinaria que este celebre, en cumprimento do disposto no art. 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por lo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

"

(...)"

CANON DE AUGA

De conformidade co disposto no artigo 49.7. do Decreto 136/2012, do 31 de maio, polo que se aproba o Regulamento do canon de auga e do coeficiente de vertedura a sistemas públicos de depuración de auga, faise constar que o procedemento para o cobro do canon de auga en período voluntario será unitario co seguido para a recadación dos dereitos que á entidade subministradora correspondan polo servizo de abastecemento de auga. O contribuínte que a falla de pago no período voluntario sinalado suporá a esixencia do canon de auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

RECURSOS

De conformidade co disposto no artigo no artigo 102.3. da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, os padróns aprobados expóñense ao público nas oficinas do Concello durante o prazo de un mes, contado a partir da publicación do presente anuncio no BOP que terá carácter e producirá os efectos de notificación colectiva. Durante o referido prazo os interesados poderán examinalo e presentar as reclamacións que estimen oportunas. Igualmente poderán formular no prazo de un mes o recurso de reposición regulado no artigo 14.2. do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais que deberá ser resolto polo órgano competente no prazo de outro mes contado a partir do día seguinte ao da súa presentación, entendéndose desestimado se transcorrido dito prazo no recaera resolución expresa, cos efectos xurídicos previsto nos artigos 24 e 25 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Contra a resolución do recurso de reposición non pode interpoñer novamente este recurso, poden os interesados, interpoñer directamente recurso contencioso - administrativo ante o Xulgado do Contencioso -Administrativo de Lugo no prazo de dous meses desde a notificación da resolución expresa ou de seis no suposto de desestimación presunta por silencio administrativo. Non obstante, poderá utilizar e exercer calquera outra acción legal que estime pertinente na defensa dos seus dereitos e intereses lexítimos.

A repercusión do canon de auga poderá ser obxecto de reclamación económico -administrativa ante o órgano económico -administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes desde que se entenda producida a notificación.

FORMA DE PAGAMENTO

1. O pago das débedas tributarias realizarase en período voluntario nos prazos que figuran no presente anuncio e nas Entidades colaboradoras na recadación deste Concello, nas horas de atención ao público (Caixa Rural Galega, Santander e Abanca). Transcorridos ditos prazos iniciarase o período executivo de cobro, que determinará o de devengo dos recargos de constrinximento e os intereses de demora que procedan.
2. Os contribuíntes que non teñan domiciliado o pagamento, recibirán no seu domicilio, dentro do período de cobro en voluntaria, modelo de liquidación por duplicado exemplar para o seu pagamento en calquera das entidades financeiras citadas, debendo recabar en caso de extravío, duplicado nos servizos económicos do Concello antes do remate do referido período. Un dos exemplares debidamente selado pola Entidade financeira constituirá carta de pago en poder do contribuínte acreditativo da extinción da débeda tributaria.
3. Se así o desexa no momento de efectuar o pago, poderá solicitar da Entidade financeira a domiciliación do tributo, sen ningún acto de trámite adicional, quedando a partir dese momento incorporado na base de datos dos padróns sucesivos.

Cospeito, 27 de xullo de 2020.- O alcalde, Armando Castosa Alvariño.

R. 1667

FOZ

Anuncio

Rectificación de erros en virtude do artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 2 de outubro pola que se aproba a Lei de Procedemento Administrativo Común.

No Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 164, de sábado 18 de xullo do 2020, unha vez producidos os trámites preceptivos, aprobábase definitivamente a modificación de crédito 10/2020 "suplemento de crédito 1/2020". No mesmo observábase un erro material, o referirse no título a aprobación inicial en vez de definitiva. Do propio texto do anuncio despréndese que é un erro material no título do mesmo sen que afecte o contido de este. Continuando polo tanto os efectos, deste trámite, dende o día da súa publicación o 18 de xullo do ano 2020.

Foz, 28 de xullo do 2020, o Alcalde, Francisco Cajoto Caserio.

R. 1668

*Anuncio***Rectificación de erros en virtude do artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 2 de outubro pola que se aproba a Lei de Procedemento Administrativo Común.**

No Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 164, de sábado 18 de xullo do 2020, unha vez producidos os trámites preceptivos, aprobábase definitivamente a modificación de crédito 11/2020 "suplemento de crédito 2/2020". No mesmo observábase un erro material, o referirse no título a aprobación inicial en vez de definitiva. Do propio texto do anuncio despréndese que é un erro material no título do mesmo sen que afecte o contido de este. Continuando polo tanto os efectos, deste trámite, dende o día da súa publicación o 18 de xullo do ano 2020.

Foz, 28 de xullo do 2020, o Alcalde, Francisco Cajoto Caserio.

R. 1669

GUITIRIZ*Anuncio***APROBACION DEFINITIVA REGULAMENTO DDE HONRAS E DISTINCIÓNS DO CONCELLO DE GUITIRIZ**

Sendo aprobado inicialmente o "Regulamento de Honras e Distincións do Concello de Guitiriz" por acordo adoptado na sesión plenaria ordinaria de data 28/05/2020, e transcorrido o prazo de 30 de días de exposición pública sen presentarse alegacións contra este, elévase a definitiva a aprobación inicial e publícase integramente en cumprimento do preceptuado no art. 70.2 da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local, entrando en vigor unha vez transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985 do 2 de abril.

Contra esta disposición administrativa de carácter xeral non caberá recurso en vía administrativa, de acordo co artigo 112.3 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se ben se poderá impugnar directamente diante da xurisdición contencioso-administrativa.

De conformidade co establecido no artigo 46 en relación co 10.1.b), ambos os dous da Lei 29/1998, do 23 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, contra o presente acordo de aprobación do regulamento, os interesados poderán interpor recurso contencioso-administrativo diante da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contado a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Poderán, así mesmo, interpor calquera outro recurso que estimen procedente ou conveniente.

O texto íntegro do regulamento aprobado con carácter definitivo é o seguinte:

<<REGULAMENTO DE HONRAS E DISTINCIÓNS DO CONCELLO DE GUITIRIZ.

INDICE**Exposición de motivos****Título I. Disposicións xerais**

Artigo 1. Obxecto do Regulamento

Artigo 2. Clasificación de honras e distincións

Artigo 3. Carácter das honras e das distincións

Artigo 4. Prohibición de concesión

Artigo 5. Dos principios e criterios que deben guiar as concesións

Título II. Dos títulos de fillo/a predilecto/a e de fillo/a adoptivo/a

Artigo 6. Títulos de fillo/a predilecto/a e fillo/a adoptivo/a de Guitiriz

Artigo 7. Concesión do título

Artigo 8. Entrega do título

Título III. Do nomeamento de membros honorarios do Concello

Artigo 9. Membros honorarios do Concello

Artigo 10. Concesión e entrega

Artigo 11. Efectos

Título IV. Das medallas de Guitiriz

Artigo 12. Medallas condecorativas. Categorías

Artigo 13. Características

Artigo 14. Concesión e entrega

Título V. Das honras fúnebres

Artigo 15. Declaración de loito oficial

Artigo 16. Outras honras fúnebres

Título VI. Denominación de espazos públicos ou monumentos

Artigo 17. Monumentos e placas conmemorativas

Título VII. Do procedemento de concesión das honras

Artigo 18. Expediente de concesión

Artigo 19. Incoación do expediente de concesión

Artigo 20. Tramitación do expediente

Artigo 21. Revogación

Artigo 22. Rexistro de distincións honoríficas

Disposicións adicionais

Primeira. Distincións protocolarias.

Segunda. Bastón de mando.

Terceira. Distinción ao funcionariado.

Cuarta.- Libro de visitantes ilustres.

Disposición transitoria única

Disposición final única: Entrada en vigor

EXPOSICION DE MOTIVOS

En exercicio da potestade normativa prevista no artigo 4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade coas competencias que veñen atribuídas ao municipio nos artigos 25.1 e 73.2 da referida lei, así como nos artigos 6.2, 50.24 e do 189 ao 191 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, do 28 de novembro de 1986, apróbase o presente Regulamento especial coa finalidade de establecer as honras e distincións con que este Concello efectuará o recoñecemento público e solemne do municipio a aquelas persoas ou entidades que se distinguirán polas súas accións ou comportamentos meritorios ou por servizos relevantes prestados á localidade, así como o procedemento administrativo para a súa concesión.

Igualmente, inclúese neste Regulamento a regulación das distincións correspondentes aos membros da corporación, as honras fúnebres que pode conceder o Concello, así como as demais distincións honoríficas e protocolarias.

Título I.-Disposicións xerais

Artigo 1.-Obxecto do Regulamento.

Mediante o presente Regulamento, establécense as honras e distincións cos que o Concello de Guitiriz concederá o recoñecemento do municipio a aquelas persoas ou entidades que se distinguiran polos seus excepcionais méritos ou polos relevantes servizos prestados a favor dos intereses xerais da localidade, así como o procedemento para a súa concesión.

Artigo 2.-Clasificación de honras e distincións.

1. Os títulos, honras e distincións que con carácter oficial poderá conceder o Concello coa finalidade de premiar especiais merecementos ou servizos extraordinarios en favor do municipio son os seguintes:

- a) Título de fillo/a predilecto/a.
- b) Título de fillo/a adoptivo/a.
- c) Nomeamento de membro honorario da corporación.
- d) Medalla de Guitiriz: de honra, de ouro e de prata.
- e) Honras fúnebres.
- f) Denominación de espazos públicos ou monumentos.

Artigo 3.-Carácter das honras e das distincións.

1. Todos os títulos, honras e distincións ás que fai referencia este Regulamento teñen carácter exclusivamente honorífico, sen que, por conseguinte, outorguen ningún dereito administrativo nin xeren efecto económico algún.
2. As persoas ás que se lles outorguen os títulos, honras e distincións relacionadas no apartado 1, letras a), b) e c) ocuparán, nos actos oficiais aos que sexan convidadas, a precedencia á que teñan dereito e poderán facer uso das condecoracións das que sexan titulares.
3. As honras e as distincións reguladas no presente Regulamento teñen carácter vitalicio, sen prexuízo do previsto no artigo 21.

Artigo 4.-Prohibición de concesión.

1. Ningún dos precedentes títulos, honras e distincións poderán ser outorgados a persoas que desempeñen altos cargos na Administración xeral do Estado, a Comunidade Autónoma de Galicia, ou da provincia de Lugo, aos/ás deputados/as ou senadores/as das Cortes Xerais, aos deputados e deputadas do Parlamento de Galicia e, en xeral, a aquelas persoas con respecto ás cales se encontre a corporación en relación subordinada de xerarquía, función ou servizo e, en tanto, subsistan estes motivos.
2. Tampouco poderán concederse as honras e as distincións reguladas no presente Regulamento á Alcaldía e ás concelleiras ou concelleiros do Concello de Guitiriz, mentres estean no exercicio dos seus cargos, así como a ex-membros da corporación, durante, polo menos, un prazo de cinco anos para contar desde a data do seu cese.

Artigo 5.-Dos principios e criterios que deben guiar as concesións.

1. Para a concesión das distincións honoríficas que quedan enumeradas, observaranse todas as normas e requisitos que se establecen no presente Regulamento.
2. Dado que un grande número de concesións honoríficas podería chegar a desmerecer a súa finalidade última, cal é a exemplaridade e o estímulo, deberán concederse con criterio restritivo.

Título II.-Dos títulos de fillo/a predilecto/a e fillo/a adoptivo/a**Artigo 6.-Títulos de fillo/a predilecto/a e fillo/a adoptivo/a de Guitiriz.**

1. A concesión do título de fillo/a predilecto/a de Guitiriz só poderá recaer en quen nacera no municipio, destacara polas súas calidades ou méritos persoais e, singularmente, polo seu traballo ou achegas culturais, científicas, sociais, políticas ou económicas en beneficio da localidade, e alcanzara tan alto prestixio e consideración xeral que a concesión daquel título deba estimarse polo Concello como o máis adecuado e merecido recoñecemento deses méritos e calidades.
2. O título de fillo/a adoptivo/a de Guitiriz poderá conferirse a favor de persoas que, sen nacer no municipio, reúnan os méritos e circunstancias enumeradas anteriormente.
3. Os anteriores títulos poderán ser concedidos como póstuma homenaxe a personalidades nas que concorreran os merecementos citados.
4. Os títulos de fillo/a predilecto/a e fillo/a adoptivo/a, ambos os dous de igual xerarquía, constitúen a máis alta distinción do Concello, polo que a súa concesión se fará sempre utilizando criterios moi restritivos.
5. Os títulos anteriores terán carácter vitalicio e, unha vez outorgados tres para cada un deles, non poderán conferirse outros mentres vivan as persoas favorecidas, a menos que se trate dun caso moi excepcional, a xuízo da corporación, que haberá de declaralo así con carácter previo á incoación do expediente de concesión en sesión plenaria e por unanimidade dos membros que legalmente a constitúen.
6. As persoas a quen se conceden os títulos de fillo/a predilecto/a ou de fillo/a adoptivo/a de Guitiriz terán dereito a acompañar á corporación municipal nos actos ou solemnidades a que esta conorra, e ocuparán o lugar que para iso lles estea sinalado. O protocolo debese seguir dende o principio ata o final dos actos onde participe o noso concello dunha maneira oficial.

Artigo 7.-Concesión do título.

1. A concesión do título de fillo/a predilecto/a e de fillo/a adoptivo/a requirirá a instrución do correspondente expediente coa finalidade de determinar e constatar os méritos e circunstancias que aconsellen e xustifiquen o seu outorgamento.
2. A incoación dos expedientes farase por providencia da Alcaldía con iniciativa propia ou petición previa para o efecto da cuarta parte, polo menos, do número legal de membros da corporación ou dalgunha entidade ou asociación cultural, científica ou social legalmente constituída e de recoñecido prestixio. A iniciativa deberá ser motivada e considerarase caducada se transcorren seis meses desde a súa presentación no Rexistro xeral do Concello sen que se ditase a correspondente providencia para incoar o expediente.

3. A instrución do expediente corresponderalle á Comisión informativa de asuntos do Pleno, que practicará unha información exhaustiva e determinará por maioría o título, condecoración ou distinción que deba outorgarse á persoa homenaxeada.

4. A concesión dos títulos de fillo/a predilecto/a e fillo/a adoptivo/a haberá de ser acordada polo Pleno do Concello requiríndose o voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da corporación.

5. A concesión de calquera dos títulos referidos comunicaráse persoalmente ás persoas interesadas ou familiares, no seu caso, pola Alcaldía. No caso de que o acordo ou resolución for negativo, non se expedirá copia ou certificación ningunha nin se utilizarán os informes e antecedentes que constan no expediente para a finalidade que lle sexa allea, baixo responsabilidade de quen infrinxa este precepto.

Artigo 8.-Entrega do título.

1. A Alcaldía realizará a entrega dos títulos de fillo/a predilecto/a e de fillo/a adoptivo/a nun acto solemne de toda a corporación, convocado para o efecto, coa finalidade de entregar o diploma e o distintivo que acrediten a distinción outorgada.

2. O expresado diploma entregarase nun pergamiño artístico que asinará a Alcaldía e conterá en forma sucinta os merecementos que motivan e xustifican a súa concesión.

Título III.-Do nomeamento de membros honorarios do Concello

Artigo 9.-Membros honorarios do Concello.

1.O nomeamento de alcalde/sa ou concelleiro/a honorario/a do Concello de Guitiriz poderá ser outorgado por este a personalidades españolas ou estranxeiras, ben como mostra da alta consideración que merecen, ben como correspondencia a distincións análogas de que foran obxecto a corporación ou as autoridades municipais de Guitiriz.

2. Os referidos nomeamentos poderán facerse con carácter vitalicio ou por un prazo limitado, polo período que corresponda ao cargo de que se trate.

3. Non poderán outorgarse novos nomeamentos dos expresados no número anterior mentres vivan tres persoas que sexan alcaldes ou alcaldesas honorarias ou dez que recibisen o título de concelleiro ou concelleira honoraria.

Artigo 10.-Concesión e entrega.

A concesión destes títulos honoríficos haberá de ser acordada polo Pleno, por proposta razoada da Alcaldía, cos mesmos requisitos e formalidades determinados no artigo 7.

2. Acordada a concesión destas distincións, procederase na forma disposta nos artigos 7 e 8 para a comunicación e entrega ás persoas agraciadas do diploma e insignias que, neste caso, consistirán nunha idéntica á que usen os membros da corporación.

Artigo 11.-Efectos.

As persoas ás que se lles concedan estes nomeamentos non terán ningunha facultade para intervir no goberno nin na Administración municipal, aínda que a Alcaldía, excepcionalmente, poderá encomendarlles funcións representativas cando haxan de exercerse fóra do termo municipal. Así mesmo, poderán ser convidadas ou convidados a todos aqueles actos que a corporación organice oficialmente.

Título IV.-Das medallas de Guitiriz

Artigo 12.-Medallas condecorativas. Categorías.

1. As medallas de Guitiriz son condecoracións municipais creadas para premiar a determinadas persoas, institucións, entidades, corporacións ou colectivos, tanto nacionais como estranxeiros, que polas súas actividades de investigación, científicas, literarias, culturais, artísticas, sociais, económicas, docentes, deportivas ou de calquera outra índole favoreceran de modo notable os intereses públicos municipais e fixéranse acreedoras e dignas de tal distinción.

2. As medallas de Guitiriz, que serán a máxima condecoración que o Concello pode conceder a institucións, entidades, corporacións ou colectivos, non poderán outorgarse en número superior a unha por ano.

3. Para determinar en cada caso a procedencia da concesión, terase en conta a índole dos méritos e servizos, a transcendencia do labor realizado en beneficio do municipio e as particulares circunstancias da entidade proposta para a condecoración, e sempre prevalecerá a calidade dos merecementos sobre o número destes.

- A medalla de honra de Guitiriz constitúe o grao máximo das condecoracións que pode outorgar a corporación, e resérvase a súa concesión a casos verdadeiramente excepcionais, que concorran en personalidades ou entidades por relevantes servizos prestados na vila, dignos de tal elevada recompensa.

- A medalla de ouro de Guitiriz poderá outorgarse a personalidades ou entidades que, polas súas obras en favor da vila, destacaran notoriamente e foran acredores ao seu recoñecemento.

- A medalla de prata de Guitiriz poderá outorgarse a personalidades ou entidades que, polas súas obras dentro do termo municipal, foran acreedoras de tal distinción.

Artigo 13.-Características.

1. As medallas de Guitiriz consistirán na reprodución en metal nobre do escudo do municipio e, no reverso, o nome da entidade homenaxeada e a data da concesión.
2. A medalla irá acompañada do correspondente diploma estendido en pergamiño artístico asinado pola alcaldesa ou alcalde e conterá en forma sucinta os merecementos que motivan e xustifican a concesión conferida.

Artigo 14.-Concesión e entrega.

1. A concesión das medallas de Guitiriz será competencia do Pleno do Concello por proposta da Comisión informativa de asuntos de Pleno, e poderá, no entanto, promoverse a requirimento de calquera dos grupos políticos que integran a corporación municipal ou para responder á petición razoada e motivada de entidades locais de recoñecido prestixio.
2. Será preciso o correspondente expediente administrativo aprobado por maioría absoluta do número legal de membros da corporación.
3. A Alcaldía comunicará persoalmente a concesión da medalla, que se entregará de forma solemne en acto convocado para o efecto á persoa que designe a entidade homenaxeada. A medalla colgarase en cordón granate e levará a seguinte gravación: anverso, brasón da cidade coa súa lenda; e reverso, vista xeral da cidade co epígrafe ad honorem.
4. Cando a medalla de Guitiriz se conceder a entidades, poderá acompañarse dunha gravata ou lazo para colgar no seu estandarte ou bandeira se o tiveren.

Título V.-Das honras fúnebres

Artigo 15.-Declaración de loito oficial.

1. O Concello poderá declarar loito oficial no termo municipal durante os días que estime oportuno nos supostos de falecemento de persoas relevantes para a localidade ou de sinistros dos que se deriven consecuencias graves para o municipio, así como por outros feitos cuxa gravidade xustifique a citada declaración.
2. En casos de urxencia, a declaración de loito oficial poderá efectuarse por Resolución da Alcaldía, da que se lle dará conta ao Pleno do Concello na primeira sesión que este realice.
3. A declaración de loito oficial suporá que as bandeiras ondearán a media hasta e con crespón negro en todos os edificios de titularidade municipal.

Artigo 16.-Outras honras fúnebres.

1. En caso de falecemento de calquera membro da corporación municipal que estivese no exercicio do cargo, e agás renuncia expresa, terá dereito a:
 - a) Que o velorio do cadáver se instale no salón de sesións da Casa Consistorial.
 - b) Que as bandeiras da Casa Consistorial ondeen a media hasta mentres duran as exequias.
 - c) Que a bandeira municipal, a galega, ou a española, sempre que así o decidan os familiares, cubra o féretro durante a celebración das honras fúnebres, así como á posterior entrega da insignia aos seus familiares.
 - d) Que no velatorio estean presentes sempre a bandeira española, a súa dereita a do concello, a súa esquerda a galega e a dereita da bandeira galega a de Europa, todas elas con crespón de cor negra. As que estarán a media asta serán as catro bandeiras que se atopen no exterior da Casa do Concello.
2. O Pleno do Concello, mediante acordo expreso e motivado, poderá estender todas ou algunhas das honras mencionadas no apartado anterior a outras persoas ou autoridades.

Título VI.-Denominación de espazos públicos ou monumentos

Artigo 17.-Monumentos e placas conmemorativas.

1. Será competencia do Pleno do Concello, logo do expediente tramitado para o efecto, a decisión de erixir monumentos conmemorativos de feitos ou personaxes relevantes ou de colocar rótulos ou placas en novas vías públicas, complexos ou edificios de titularidade municipal.
2. Os grupos municipais poderán presentarlle directamente ao Pleno propostas sobre denominación de espazos públicos, sen poder recaer acordo en tanto non sexan tramitadas e informadas pola Comisión informativa de asuntos do Pleno.
3. Os acordos para a denominación de espazos públicos, para a instalación de estatuas e monumentos, adoptaranse en Pleno, co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da corporación.
4. O cumprimento dos acordos realizarase nun acto público, anunciado previamente.

Título VII.-Do procedemento de concesión das honras

Artigo 18.-Expediente de concesión.

1. Para a concesión de calquera das honras e distincións establecidas neste Regulamento, será necesaria a instrución do correspondente expediente coa finalidade de determinar e constatar os méritos e circunstancias que aconsellen e xustifiquen o outorgamento.

Artigo 19.-Incoación do expediente de concesión.

1. A iniciación do procedemento farase por providencia da Alcaldía, ben por propia iniciativa ou a requirimento da cuarta parte, polo menos, do número legal de membros da corporación municipal, ben en resposta á petición razoada e motivada de entidades ou asociacións de recoñecida solvencia ou por petición dun grupo municipal nos supostos previstos neste Regulamento.

2. A iniciativa deberá ser motivada. Considerarase caducada se, transcorridos seis meses desde que se formulou, non se incoou o expediente.

3. Na providencia da Alcaldía designarase unha persoa instrutora, que se ocupará da tramitación do expediente, de entre as concelleiras ou concelleiros que conforman a Comisión informativa de asuntos do Pleno.

Artigo 20.-Tramitación do expediente.

1. A persoa instrutora practicará todas as dilixencias que estime convenientes para investigar os méritos do proposto, tomará ou recibirá declaración de cantas persoas ou entidades poidan fornecer informes e fará constar todas as declaracións ou pescudas, datos de referencia, antecedentes e achegará todos os documentos que se consideraren necesarios, tanto de carácter favorable como adverso á proposta inicial.

2. O expediente deberá ser obxecto de información pública polo prazo de vinte días, con anterioridade a que a persoa instrutora emita a súa proposta.

3. Logo de finalizar as actuacións, a persoa instrutora formulará unha proposta motivada que elevará á Comisión informativa de asuntos do Pleno que, se a considera atinada, emita un ditame favorable, que será sometido ao Pleno do Concello para que acorde o que estime procedente na forma que dispón este Regulamento.

4. A concesión das distincións e nomeamentos efectuarase no salón de sesións do Concello, con asistencia do Pleno da corporación e aquelas autoridades e representacións que se estimen pertinentes, atendidas as circunstancias de cada caso.

Artigo 21.-Revogación.

1. A concesión de honras e distincións reguladas no presente Regulamento poderá ser revogada se, con posterioridade a esta, as persoas interesadas realizasen actos ou manifestacións que lles fagan indignas da súa titularidade ou de menosprezo aos méritos que no seu día foron causa do seu outorgamento.

2. Para a revogación, será preciso instruír o correspondente expediente ao abeiro do procedemento previsto no artigo anterior, logo da audiencia preceptiva á/s persoa/s interesada/s.

3. A revogación de honras e distincións pola realización de actos ou manifestacións que lles fagan indignas da súa titularidade farase pola mesma maioría que foi necesaria para o seu outorgamento.

4. A revogación da distinción suporá a pertinente anotación no Libro-rexistro en que se inscribiu a súa concesión.

Artigo 22.-Rexistro de distincións honoríficas.

A Secretaría da corporación levará un rexistro, dividido en tantas seccións como sexan as honras, condecoracións e distincións establecidas no presente Regulamento, en que se inscribirán cronoloxicamente as circunstancias correspondentes ás persoas favorecidas e a razón e data da concesión.

Disposicións adicionais

Primeira.-Distincións protocolarias

Por motivos de cortesía ou reciprocidade, a Alcaldía, sen necesidade de incoar expediente administrativo ningún, poderá facer entrega de placas conmemorativas, escudos, insignias ou outros obxectos simbólicos que non impliquen ningunha prerrogativa ou dignidade a autoridades públicas, personalidades ou institucións.

Segunda.- Bastón de mando. O bastón de mando representa a autoridade do alcalde ou alcaldesa, dada polo pobo, estará exposto na alcaldía excepto os días que se utilice para funcións institucionais.

Terceira.- Distinción a funcionarios/as

O Concello, para distinguir ao seu funcionariado e persoal aos que, logo expediente para o efecto, considere merecedor, poderá outorgarlle unha insignia de solapa cuxo formato será similar á das concelleiras ou concelleiros, con constancia no seu expediente persoal.

Cuarta.-Libro de visitantes ilustres

O Concello crea un Libro de visitantes ilustres en que se recollerán as sinatura e, no seu caso, as dedicatorias das persoas de destacada importancia que visiten o municipio.

Disposición transitoria única

Todas as personalidades ou entidades corporativas que estean actualmente en posesión dalgunhas das distincións que son materia deste Regulamento, continuarán no goce destas con todos os dereitos, honras e prerrogativas recoñecidas polos regulamentos respectivos ou por anteriores acordos municipais ditados con relación ás devanditas distincións.

Disposición final única: Entrada en vigor

O presente Regulamento entrará en vigor aos quince días da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia de Lugo de conformidade cos artigos 65.2 e 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e permanecerá vixente ata a súa modificación ou derogación expresa.>>

Guitiriz, 23 de xullo de 2020.- A alcaldesa, María Sol Morandeira Morandeira.

R. 1670

LUGO*Anuncio*

Queda aprobada definitivamente a modificación orzamentaria mediante a modalidade de Suplemento de Crédito - Crédito extraordinario núm 2-2020 do vixente Orzamento Xeral, ao non haber reclamacións no prazo de exposición ao público, do acordo inicial de aprobación da mesma, adoptado en sesión plenaria extraordinaria celebrada o día 25 de xuño de 2020, publicado no BOP nº 150 do 2 de xullo de 2020.

O resumo por capítulos do estado de gastos e ingresos relativos á modificación aprobada é o seguinte:

ORZAMENTO DA PROPIA CORPORACIÓN (€)**ESTADO DE GASTOS**

CAPÍTULO		CONSIGNACIÓN	MODIFICACION 2/2020	CREDITOS INCIDENCIA DO SC-CE	TOTAIS
	OPERACIÓNS CORRENTES				
1	Gastos de Persoal	29.732.677,39			29.732.677,39
2	Gastos en bens correntes e servizos	51.890.677,24	577.226,76		52.467.904
3	Gastos financeiros	49.100,00	119.938,69		169.038,69
4	Transferencias correntes	5.904.743,50	584.844,01		6.489.587,51
5	Fondo de Continxencia a outros imprevistos	500.000,00			500.000,00
	Total operacións correntes	88.077.198,13	1.282.009,46		89.359.207,59
	OPERACIÓNS DE CAPITAL				
6	Investimentos reais	10.429.605,47	972.252,30		11.401.857,77
7	Transferencias de capital	721.673,40			721.673,40
	Total operacións de capital	11.151.278,87	972.252,30		12.123.531,17
	OPERACIÓNS FINANCIERAS				
8	Activos financeiros	100.000,00			100.000,00

9	Pasivos financeiros	733.203,84		733.203,84
	Total operacións financeiras	833.203,84		833.203,84
	TOTAL ORZAMENTO DE GASTOS	100.061.680,84	2.254.261,76	102.315.942,60

ESTADO DE INGRESOS

CAPÍTULO		CONSIGNACIÓN	MODIFICACION 2/2020	PREVISIÓNS TOTAIS INCIDENCIA DO SC-CE
	OPERACIÓN CORRENTES			
1	Impostos directos	38.256.017,00		38.256.017,00
2	Impostos indirectos	4.495.491,20		4.495.491,20
3	Taxas e outros ingresos	26.004.341,19		26.004.341,19
4	Transferencias correntes	27.006.831,45		27.006.831,45
5	Ingresos patrimoniais	745.000,00		745.000,00
	Total operacións correntes	96.507.680,84		96.507.680,84
	OPERACIÓN DE CAPITAL			
6	Alleamento investimentos reais	0,00		0,00
7	Transferencias de capital	3.454.000,00		3.454.000,00
	Total operacións de capital	3.454.000,00		3.454.000,00
	OPERACIÓN FINANCIERAS			
8	Activos financeiros	100.000,00	2.254.261,76	2.354.261,76
9	Pasivos financeiros	0,00		0,00
	Total operacións financeiras	100.000,00		2.354.261,76
	TOTAL ORZAMENTO DE INGRESOS	100.061.680,84	2.254.261,76	102.315.942,60

Lugo, 26 de xullo de 2020.- EXCMA. SRA. ALCALDESA PRESIDENTA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ.

R. 1671

PEDRAFITA DO CEBREIRO*Anuncio***APROBACIÓN PADRÓN DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO DO MES DE XUÑO 2020.**

.Pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 16 de xullo de 2020 prestouse aprobación ao Padrón do Prezo Público pola prestación do servizo de axuda a domicilio correspondente ao mes de xuño 2020, de acordo co seguinte:

- Padrón correspondente ao mes de xuño : 3900,06 €

Expóñense ao público por prazo de quince días hábiles, ao obxecto de que aqueles que se consideren interesados poidan examinalos e interpoñer contra este as reclamacións que consideren oportunas.

Iniciase asemade o procedemento de recadación, e ao efecto determínase que o período de pagamento en voluntaria é o comprendido entre o 01 de Agosto de 2020 e o 01 de Novembro de 2020. Ao día seguinte do vencemento do prazo de ingreso en período voluntario iníciase o procedemento executivo e o administrativo de constrinximento, e devengarán as recargas do período executivo así como os correspondentes xuros de mora en virtude dos artigos 26, 27 e 28 da Lei Xeral Tributaria. Contra as liquidacións que se deriven do presente padrón poderase interpoñer recurso de reposición previo ao contencioso- administrativo, no prazo de un mes a contar desde a finalización do período de exposición ao público de conformidade co establecido no artigo 14.2.c) do real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais. Contra a desestimación expresa ou presunta do recurso de reposición poderán interpoñer recurso contencioso administrativo ante os órganos e na forma e prazos determinados na Lei reguladora deste Xurisdición.

Pedrafita do Cebreiro 21 de xullo de 2020.- O Alcalde, José Luis Raposo Magdalena.

R. 1672

RIBADEO

Anuncio

APROBACIÓN INICIAL. MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 19/2020. MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 19/2020 SUPLEMENTO DE CRÉDITO FINANCIAMENTO OBRAS AGADER, SAA-SOMO

O Pleno do Concello de Ribadeo, en sesión que se levou a cabo o día 28/07/2020, acordou a aprobación inicial do expediente de modificación de créditos núm. 19/2020 do orzamento en vigor, na modalidade de suplemento de crédito financiado co remanente líquido de tesourería, para financiar dous proxectos "ENSANCHE E REFORZO DO FIRME DA ESTRADA DENDE A ESTRADA LU-133 A MARELLE" e PAVIMENTACIÓN EN SAA E SOMO (COVELAS).

En cumprimento do disposto no artigo 169.1, por remisión do 177.2, do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, sométese o expediente á exposición pública durante o prazo de quince días, contados desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

Se unha vez transcorrido ese prazo non se presentan alegacións, considerarase aprobado definitivamente o dito acordo.

Ribadeo, a 29 de xullo de 2020.- ALCALDE, FERNANDO SUÁREZ BARCIA.

R. 1675

ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

XULGADO DO SOCIAL N.º 3 LUGO

Anuncio

D/D^a MARIA DE LOS ANGELES LOPEZ CARBALLO, Letrado de la Administración de Justicia del Juzgado de lo Social nº 003 de LUGO, HAGO SABER:

Que en el procedimiento MONITORIO 0000639 /2019 de este Juzgado de lo Social, seguidos a instancia de D/D^a JOSEFINA PEÑA PEÑA contra la empresa JOSE LOPEZ LOPEZ, sobre procedimiento MONITORIO, se ha dictado la siguiente resolución, cuya parte dispositiva se adjunta:

"1.- Archivar el presente procedimiento monitorio instado por JOSEFINA PEÑA PEÑA, frente a JOSE LOPEZ LOPEZ.

2.- Dar traslado a la parte actora a fin de que presente demanda de ejecución, en el caso de que desee proceder al despacho de la misma."

Y para que sirva de notificación en legal forma a JOSE LOPEZ LOPEZ, en ignorado paradero, expido la presente para su inserción en el Boletín Oficial de la Provincia de LUGO.

Se advierte al destinatario que las siguientes comunicaciones se harán fijando copia de la resolución o de la cédula en el tablón de anuncios de la Oficina judicial, salvo el supuesto de la comunicación de las resoluciones que deban revestir forma de auto o sentencia, o cuando se trate de emplazamiento.

LUGO, veintitrés de julio de dos mil veinte.- EL/LA LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA.

R. 1673

Anuncio

DOÑA MARÍA DE LOS ÁNGELES LÓPEZ CARBALLO, Letrado de la Administración de Justicia del Juzgado de lo Social nº 3 de LUGO, **HAGO SABER:**

Que en el procedimiento de **EJECUCIÓN DE TÍTULOS JUDICIALES 36/2016** de este Juzgado de lo Social, seguido a instancia de **DON MANUEL POTENTE LÓPEZ** contra la **EMP. "MANUEL PRADOS VEGA"**, sobre **RECLAMACIÓN DE CANTIDAD**, se ha dictado **DECRETO** de fecha 24-07-2020, cuya parte dispositiva es del tenor literal siguiente:

"Dejar en suspenso la ejecución sobre las fincas registrales: 12082, 12084, 12085, 12087 y 12088 del Registro de la Propiedad de Betanzos.

Notifíquese a las partes, haciéndoles saber que en aplicación del mandato contenido en el artículo 53.2 de la LJS, en el primer escrito o comparecencia ante el órgano judicial, las partes o interesados, y en su caso los profesionales designados, señalarán un domicilio y datos completos para la práctica de actos de comunicación. El domicilio y los datos de localización facilitados con tal fin, **surtirán plenos efectos y las notificaciones en ellos intentadas sin efecto serán válidas** hasta tanto no sean facilitados otros datos alternativos, siendo **carga procesal de las partes** y de sus representantes **mantenerlos actualizados**. Asimismo deberán comunicar los cambios relativos a su número de teléfono, fax, dirección electrónica o similares, siempre que estos últimos estén siendo utilizados como instrumentos de comunicación con el Tribunal.

MODO DE IMPUGNACIÓN: Mediante recurso de reposición a interponer ante quien dicta esta resolución, en el plazo de **TRES DÍAS** hábiles siguientes a su notificación con expresión de la infracción que a juicio del recurrente contiene la 3 misma, sin que la interposición del recurso tenga efectos suspensivos con respecto a la resolución recurrida. misma, sin que la interposición del recurso tenga efectos suspensivos con respecto a la resolución recurrida."

Y para que sirva de **NOTIFICACIÓN EN LEGAL FORMA** a **EMP. "MANUEL PRADOS VEGA"**, en ignorado paradero, expido el presente para su inserción en el Boletín Oficial de LUGO.

Se advierte al destinatario que las siguientes comunicaciones se harán fijando copia de la resolución o de la cédula en el tablón de anuncios de la Oficina judicial, salvo el supuesto de la comunicación de las resoluciones que deban revestir forma de auto o sentencia, o cuando se trate de emplazamiento.

LUGO, veinticuatro de julio de dos mil veinte.- **LA LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA.**

R. 1674

FE DE ERRATAS

Advertido erro no anuncio con núm. de rexistro 1639 do BOP núm. 174 de 31/07/2020, queda sin efecto o estar duplicado co mesmo anuncio con núm. de rexistro 1638 publicado no BOP núm. 170. de data 27/07/2020.

A efectos de prazos o BOP que conta é o núm. 170

Lugo, 31 de xullo de 2020